

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. CURSO 2018/2019

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan bolsas de colaboración para formación complementaria do estudantado da Universidade da Coruña (UDC).

OBXECTO DA AXUDA

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de 131 bolsas de colaboración para formación que permitan a formación teórica e práctica do estudantado matriculado nun centro propio da Universidade da Coruña, en estudos conducentes á obtención dun título oficial, mediante a realización de actividades de colaboración en diferentes áreas de interese formativo.

A dotación total das bolsas será de douscentos noventa e tres mil novecentos oitenta e dous euros con trinta e catro céntimos (293.982,34€) con cargo á partida orzamentaria 0300030031 422D 480.00. Sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculadas na UDC e ao corrente do pagamento no curso 2018/19, en estudos oficiais de grao, antes do 01.10.2018 (data inicio da bolsa).
2. Ter superado o 30% dos créditos na titulación onde estean matriculadas a fin do prazo de solicitude da bolsa.
3. Non percibir ningunha axuda económica incompatible.

Estas bolsas son incompatibles coas bolsas de colaboración do MECD e calquera outra para o mesmo fin.

Non se poderá realizar ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores ao 30% do salario mínimo interprofesional. Para estes efectos, poderáselle solicitar á persoa interesada unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.

Estas bolsas son compatibles coas bolsas de carácter xeral do MECD, da Administración Autonómica e coas axudas convocadas pola UDC (transporte, aloxamento, dificultades económicas).

A obtención simultánea dunha bolsa convocada por esta resolución con algunha bolsa incompatible será causa de reintegro. Non obstante e sen prexuízo do anterior, cando un/unha estudante sexa beneficiario/a dunha bolsa convocada por esta resolución e dunha das bolsas de colaboración para formación complementaria en departamentos do estudantado da UDC, curso 2018/19, deberá aceptar só unha delas.

4. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria.



5. Os/as bolseiros/as de colaboración deberán manter a condición de estudantes dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na UDC durante o período completo de duración da bolsa.
6. A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
7. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.
8. Ter un perfil académico relacionado coa actividade obxecto da bolsa. Alén dos requisitos anteditos, a persoa solicitante dunha bolsa, deberá cumprir en cada caso os requisitos específicos que figuran no Anexo I correspondentes ás distintas áreas de formación, se os houber.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se accede dende a ligazón: <http://bolsas.udc.es>

No momento da solicitude deberá cubrir a “Declaración xurada” de que non conta con ningunha axuda económica incompatible, nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de a realizar, debe achegar unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de renda, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores ao 30% do salario mínimo interprofesional.

A persoa solicitante só poderá presentar a súa candidatura a tres bolsas por orde de preferencia, que cumpran as condicións. No caso de exceder ese número, quedarán anuladas todas as solicitudes presentadas.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda será de 240€ mensuais, a que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será de 8 meses comprendidos entre o día 01.10.2018 e o 31.05.2019, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas.

O horario concertarase coa persoa titora tendo en conta a ocupación lectiva da persoa adxudicataria.



COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, ligazón:

http://www.udc.es/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_es_tables.html

1.- Criterios de avaliación para Tarefas Informáticas

1. Expediente académico: 80% (máximo 8 puntos), tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data da fin do prazo de solicitude da convocatoria.

As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

2. Outros méritos: 20% (máximo 2 puntos)

2.1 Experiencia documentada relacionada co obxecto da bolsa: prácticas, traballo (máximo 1 punto)

0,1 puntos por mes traballado

2.2 Formación complementaria específica nas materias obxecto da bolsa á que se opta (máximo 1 punto)

Cursos inferiores a 10 horas: 0,1 puntos

Cursos entre 10-19 horas: 0,2 puntos

Cursos entre 20-49 horas: 0,3 puntos

Cursos de máis de 49 horas: 0,4 puntos

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

No caso de non se cubrir as bolsas, farase a asignación entre todos os centros, por orde de prelación da puntuación obtida pola persoa solicitante, para cada campus.

2.- Criterios de avaliación para o resto de bolsas

O expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data da fin do prazo de solicitude 31.05.2018.

As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (TEO) unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar reclamacións.

Publicarase no TEO a listaxe definitiva das persoas admitidas, a adxudicación das bolsas e a listaxe de agarda.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes.

OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

A persoa bolsreira comprométese a realizar a súa actividade seguindo as indicacións da persoa titora.

O incumprimento por parte da persoa bolsreira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolsreira comprométese a presentar ao responsable da súa titorización unha memoria das actividades realizadas antes do 30.04.2019, que será custodiada na unidade/servizo no que se desenvolva a bolsa. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Coa aceptación da bolsa, a persoa interesada comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria. Deberase efectuar no prazo de 5 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación das bolsas no TEO.

A dita aceptación poderase facer dalgunha das seguintes formas:

- Presencial no SAPE (A Coruña ou Ferrol) mediante a presentación dos documentos asinados pola persoa interesada:
 - Impreso de aceptación
 - Impreso de alta persoal
 - Impreso de datos bancarios (orixinal)
 - Número de NUSS (número de usuario da Seguridade Social)
 - DNI
- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os impresos están dispoñibles na ligazón http://www.udc.gal/sape/descarga_documentos/

Se no prazo de 5 días hábiles non se recibise a aceptación da persoa adxudicataria, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia das persoas adxudicatarias tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, realizaranse a través da conta de correo electrónico indicada na solicitude, con xustificante de recepción, e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se produciren antes do 15.03.20219 serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe de agarda.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31.05.2016.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de solicitude será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no TEO da Universidade da Coruña, até as 24:00 h do día 15.06.2018.

PROTECCIÓN DE DATOS

A solicitude dunha bolsa ao abeiro do *Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña*, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co fin da correcta xestión das bolsas.

Os datos persoais das persoas beneficiarias desta convocatoria, se así o autorizan, cederánselle ao Banco Santander grazas a cuxo mecenado se convocan estas bolsas única e exclusivamente para as finalidades autorizadas:

- Para os incorporar ao ficheiro do actual Portal de Bolsas Santander www.becas-santander.com, ou do que o substitúa e facilitarlle ao usuario a información que necesite para os seus estudos e servizos en que poida estar interesado.
- Para fins estatísticos, así como para o estudo da utilización dos servizos por parte dos usuarios, o deseño de novos servizos e o envío de información técnica e operativa acerca dos seus servizos para que o usuario se beneficie de todos eles.
- Para enviar a información sobre produtos propios do Banco, así como información institucional deste.

A Coruña, 30 de maio de 2018

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO I

RELACIÓN DAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN
COMPLEMENTARIA

TAREFAS INFORMÁTICAS - AULANET	
CENTRO	Nº
ETS DE ARQUITECTURA	2
ETS DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	2
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS	2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA	2
FACULDADE DE CIENCIAS	2
FACULDADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	2
FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	2
FACULDADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	2
FACULDADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA	2
FACULDADE DE DEREITO	2
FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA	2
FACULDADE DE FILOLOXÍA	2
FACULDADE DE FISIOTERAPIA	2
FACULDADE DE INFORMÁTICA	2
FACULDADE DE SOCIOLOXÍA	2
EDIFICIO DE APOIO AO ESTUDO (Ferrol)	2
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR	2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL	2
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA	2
FACULDADE DE CIENCIAS DO TRABALLO	2
FACULDADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA	2
FACULDADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN	2

ÁREAS		
ÁREA	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
Aula de Formación Informática (AFI)	Estar matriculado no grao en Enxeñaría Informática	2
Avaliación docente (A Coruña)	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do grao en: ADE, Comunicación Audiovisual, Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social ou Socioloxía	1
CUFIE - Atención á diversidade	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do grao en Educación Social ou Terapia Ocupacional	1
CUFIE - Unidade de teleformación	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do grao en Comunicación Audiovisual	1
Centro de Estudos de Xénero e Feministas (Coruña)		2
Cultura (A Coruña)	Estar matriculado no grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios	1
	Estar matriculado nun grao da Facultade de Filoloxía	1
	Estar matriculado no grao en Enxeñaría Informática	1
Cultura (Ferrol)	Estar matriculado nun grao da Facultade de Humanidades	1
Deportes	Estar matriculado no grao en Comunicación Audiovisual ou no grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1
	Estar matriculado no grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1
NORMAL	Estar matriculado no grao en Comunicación Audiovisual	1
Oficina de Cooperación e Voluntariado (A Coruña)		1
Oficina de Cooperación e Voluntariado (Ferrol)		1
Oficina de Igualdade e Xénero (Ferrol)	Estar matriculado no grao en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	1



Oficina de Medio Ambiente	- ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (matriculado nun grao do centro)	1
	- Facultade de Ciencias (matriculado no grao en Química)	1
Oficina de Medio Ambiente Green Campus	Estar matriculado nun grao no centro do que se solicita bolsa: - Campus de Ferrol (estar matriculado nunha titulación do campus) - Escola Técnica Superior de Arquitectura - Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos - Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas - Escola Universitaria de Arquitectura Técnica - Facultade de Ciencias (matriculado no grao en Bioloxía) - Facultade de Ciencias da Educación - Facultade de Ciencias da Comunicación - Facultade de Ciencias da Saúde - Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - Facultade de Dereito - Facultade de Economía e Empresa - Facultade de Filoloxía - Facultade de Fisioterapia	14 (unha para o campus de Ferrol e o resto unha para cada centro)
ORI	Estar matriculado no grao en Enxeñaría Informática	1
	Estar matriculado no grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios	1
Publicacións	Estar matriculado no grao en Información e Documentación ou nun grao da Facultade de Filoloxía	1
Servizo de Informática e Comunicacóns (SIC)	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do grao de Enxeñaría Informática	1
UDC Saudable		1
Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC)	Estar matriculado no grao en Enxeñaría Informática	1
	Estar matriculado no grao en Bioloxía	1
Unidade Técnica de Calidade (UTC)		1

LABORATORIOS		
CENTRO	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
ETS DE ARQUITECTURA	Estar matriculado nunha das titulacións do centro do que se solicita a bolsa	3
ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS		3
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS		3
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA		3
FACULTADE DE CIENCIAS		3
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN		2
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE		3
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA		2
FACULTADE DE FISIOTERAPIA		3
FACULTADE DE INFORMÁTICA		3
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR		2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL		3
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA		3
FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA		3

BIBLIOTECAS		
CENTRO	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	Estar matriculado nunha das titulacións do centro no que se solicita a bolsa	2
FACULTADE DE FILOLOXÍA		2
FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN		2